



Silencio... estase a pensar!



Ademais dos síntomas externos, o fonendoscopia é un instrumento moi útil, pois, grazas a el, podemos detectar os sons que nos alertan de que se produciu un desprazamento do callar tras o parto e poder intervir e curar a nosa vaca. Vémolo nas seguintes liñas.


Antón Camarero
Veterinario de Adial

Tin, tin... escoitamos co fonendoscopia tras golpear cos dedos a parte media das últimas costelas da vaca (xusto diante do illar esquerdo). Soa como cando se golpea un cano cun obxecto metálico. Nunha vaca sa este son sería mate, algo parecido a un toc, toc. Este son lévanos a confirmar unha enfermidade moi típica que se produce tras o parto nas vacas leiteiras: o desprazamento de callar. Acordádesvos? O callar é o verdadeiro estómago dos ruminantes cunha función similar ao noso. O seu nome débese a que, antigamente, da maceración do estómago dos xatos lactantes se obtiña un líquido capaz de callar o leite para a fabricación de queixos (aínda que hoxe en día o callo é sintético).

Tras o parto, ao nacer a cría e expulsar líquidos e membranas que a acompañan, queda un espazo baleiro no interior. As vísceras, callar incluído, recolócanse para ocupar este espazo baleiro. Isto, unido a outras circunstancias (como a falta de calcio no sangue), faílle perder o ton muscular. O callar queda entón á deriva e desprázase do seu sitio, énchese de aire e queda, dalgunha maneira, aprisionado entre as costelas e o rume. Establécese así unha cámara de aire que é a responsable dese son metálico tan típico.

Os veterinarios facemos unha asociación de ideas: a unha vaca recentemente parida (o ubre ten certo tamaño e está delgado) sumámoslle uns ollos afundidos e faranos sospeitar

Esquema de como se despraza o callar no interior dunha vaca



► OS VETERINARIOS FACEMOS UNHA ASOCIACIÓN DE IDEAS: A UNHA VACA RECENTEMENTE PARIDA (O UBRE TEN CERTO TAMAÑO E ESTÁ DELGADO) SUMÁMOSLLE UNS OLLOS AFUNDIDOS E FARANOS SOSPEITAR INMEDIATAMENTE DO DESPRAZAMENTO DE CALLAR (QUE CONFIRMAREMOS CO FONENDO)

inmediatamente do **desprazamento de callar** (que confirmaremos co fonendo). Ademais de desprazarse, tamén se dilata e, ás veces, sofre unha torsión. A consecuencia é un colapso ou parada dixestiva no que nin se absorben nutrientes nin auga.

Aos poucos días de parir, a vaca apenas come e ten os ollos afundidos, o que nos indica deshidratación. Sabemos cal é o motivo disto? O animal non é quen de absorber a auga que necesita por un fallo dixestivo e para que órganos vitais como o cerebro ou o corazón sigan funcionando, o organismo ponse en “modo aforro”. Ocorre tamén que os órganos menos clave lle ceden auga ao sistema circulatorio (isto sucede co humor acuoso do globo ocular: ao perder líquido fan que o ollo se afunda na súa cavidade).



Exemplar cos ollos afundidos

A cirurxía é a solución e hoxe os veterinarios que fan clínica de vacún teñen moita pericia en operalas coa vaca de pé. Collida a tempo, hai unha recuperación moi rápida da

saúde e a produción de leite case non se verá minguada. Practícanse unha serie de incisións no illar esquerdo, que é o triángulo que hai detrás das costelas, diante da cadeira e debaixo da columna vertebral. Así, chégase ao espazo abdominal onde se localiza o callar, que se baleira de gas e se fixa na súa posición orixinal cunha sutura.



O fonendoscopia resulta útil para escoitar sons respiratorios e dixestivos que axudan ao diagnóstico de enfermidades como a que vos acabo de contar. De paso, ademais do callar, podemos auscultar o rume apoiando o fonendo un pouco máis atrás no propio illar. Cando o animal está san, soa coma se alguén estivese estrullando papeis coa man. Ademais, se apertamos o fonendo contra o abdome, a musculatura do rume levántanolo empuxándoo cara a fóra. Se o callar está desprazado, a ruminación

está parada e nin soa nin empuxa o fonendo.

Para acabar, contareivos un segredo: o fonendo tamén nos é moi útil aos veterinarios para gañar tempo mentres reflexionamos en silencio que raios terá o animal, mesmo podemos exercer certa autoridade reclamando silencio... É un momento de gran solemnidade! ■